

## **CONTRATACIÓN**

MLA/MLA

Ref<sup>a</sup>: Acta servizo catering maiores 2010.doc

Asunto:

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

#### **ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CATERING PARA A CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES 2010.**

Sendo as 13:30 horas do día 20 de agosto de 2010, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía e emprego, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Alicia Peña Murias, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Xosé Anxo Lage Suárez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas interventor xeral do Concello, don Luis Regal Pavón, Secretario Xeral do Pleno, en substitución da titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario a dar lectura ó informe do negociado de rexistro no que se fai constar que á referida contratación foi presentada unha única plica por parte de PEDRO ROMARÍS PEREIRA.

Procédese a continuación á apertura do sobre A (documentación administrativa), no que se inclúe:

- Fotocopia do DNI de don PEDRO ROMARÍS PEREIRA
- Copia da póliza dun seguro de responsabilidade civil.
- Certificado de non ter débedas coa Seguridade Social.
- Xustificante de alta no IAE.
- Informe de solvencia favorable emitido por CAIXA GALICIA.
- Relación dos principais servizos e traballos realizados nos últimos anos.

Os membros da mesa consideran correcta a documentación administrativa presentada e proceden a continuación á apertura do sobre B co seguinte resultado.

PEDRO ROMARÍS PEREIRA propón com prezo por persoa 17,99 euros por persoa e xunta unha proposta de menu.

**CONTRATACIÓN**

MLA/MLA

Ref<sup>a</sup>: Acta servizo catering maiores 2010.doc

Asunto:

Ó tratarse da única proposición os integrantes da mesa acordan por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato a PEDRO ROMARÍS PEREIRA nas condicións incluídas na súa proposición.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:50 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz